

SESIÓN FORMATIVA SOBRE METEOROLOXÍA E APARELLOS METEOROLÓXICOS EN METEOGALICIA



OBXECTIVO PRINCIPAL:

Achegar a Meteoroloxía á poboación, ben se trate de alumnos pertencentes a centros educativos ou de asociacións diversas.

En primeiro lugar amosarase a sala de predición, na que se explicarán as ideas básicas da predición meteorolóxica e as ferramentas que se empregan.

Posteriormente, farase unha breve presentación, que supoñerá unha iniciación á Meteoroloxía e Climatoloxía. Nesta actividade adecuaremos o nivel e os intereses do auditorio, ben sexa Primaria, Secundaria, Bacharelato ou Universidade.

Para rematar, haberá unha mostra de aparellos meteorolóxicos, na que se explicarán os distintos sensores e a súa utilidade, así como se darán algunhas pinceladas sobre o traballo de observación meteorolóxica e o mantemento da rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia.

Os martes esta actividade virá acompañada do lanzamento dunha radiosondaxe que se levará a cabo antes de comezar a sesión formativa.

HORA DE COMEZO DA ACTIVIDADE:

Martes: 10:00h, mércores: 10:30h

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

1 h 15 min - 1 h 30 min

IDADE OU NIVEL RECOMENDADO:

A partir de 3º de Primaria

